

TEMA BLOQUE 6: DINÁMICAS DEMOGRÁFICAS ACTUAIS:

A) DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS NO MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN

B) MOVEMENTOS MIGRATORIOS (1990 Á ACTUALIDADE)

España conta na actualidade con cerca de 47 millóns de habitantes, que se reparten de forma desigual polo territorio. O interior atópase débilmente poboado, mentres que as áreas costeiras presentan elevadas densidades de poboación. Ao mesmo tempo obsérvanse fortes contrastes entre as cidades e o medio rural pois cada vez máis poboación vive nas cidades, e no medio rural existen espazos case deshabitados.

Os cambios recentes da poboación española están moi influídos polas migracións internacionais. España foi tradicionalmente un país de emigración. No pasado, numerosos españois emigraron a distintos países do mundo, sobre todo de América Latina e do resto de Europa. Nas últimas décadas as tendencias cambiaron, descendendo o número de españois que emigran, ao tempo que aumenta o número de estranxeiros que veñen ao noso país. Aínda que este saldo positivo foi freado e invertido pola recente crise económica.

A) DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS NO MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN

A evolución conxunta da natalidade e da mortalidade determina o crecemento natural ou vexetativo, é dicir, a evolución que tería a súa poboación se non existisen as migracións exteriores. Este crecemento é desigual no espazo (segundo municipios, provincias e comunidades autónomas) e variou intensamente no tempo como consecuencia do desigual descenso das curvas de natalidade e mortalidade. En conxunto, España está hoxe en pleno réxime demográfico moderno, con taxas de natalidade baixas e de mortalidade estabilizadas (aínda que con tendencia a medrar por mor do avellentamento demográfico). As taxas de fecundidade son baixas, e non aseguran a taxa de reposición xeracional de 2,1 fillos por muller.

A taxa de crecemento natural para o conxunto de España actualmente é moi baixa xa que durante os últimos anos situouse por debaixo do 2‰, o que implica que a poboación se mantería estable se non se producisen migracións exteriores. Pero este dato encerra diferenzas espaciais, pois hai áreas con crecementos elevados mentres que outras teñen valores negativos.

Os pequenos municipios rurais, sobre todo na metade norte, teñen unha poboación moi avellentada por efecto da emigración, e presentan un crecemento natural negativo, xa que a mortalidade é elevada e a natalidade é moi baixa.

Os municipios rurais de maior tamaño, situados predominantemente na metade sur, presentan unha dinámica natural lixeiramente positiva, xa que foron capaces de reter unha maior cantidade de poboación nova.

Os municipios urbanos e turísticos teñen dinámicas positivas, pois contan cunha poboación máis nova, debido aos recentes procesos de inmigración.

Os crecementos máis altos danse **nos municipios que rodean as grandes cidades** onde se asenta poboación moi nova, polo que o número de nacementos é alto en relación coa poboación total.

Por isto, **as comunidades autónomas con maiores taxas de crecemento natural son** Murcia, Madrid, Andalucía, Cataluña, as dúas comunidades insulares, Comunidade Valenciana, Navarra e as cidades de Ceuta e Melilla. En xeral, presentan unha estrutura demográfica relativamente máis nova, causada por un comportamento tradicional máis natalista (Andalucía, Murcia, Ceuta e Melilla), por ser foco de inmigración interna en épocas pasadas (Madrid, Cataluña, C. Valenciana, Baleares) ou por recibir unha forte inmigración estranxeira desde 1990 (todas elas).

Pola contra, **as comunidades autónomas con crecemento natural negativo son** aquelas que teñen unha poboación máis avellentada, sobre todo Asturias, Galicia e Castela-León. Estas comunidades presentan unha estrutura demográfica fortemente avellentada por sufriren unha intensa emigración en épocas pasadas (Galicia e as comunidades do interior peninsular); pola prolongada incidencia da crise industrial de 1975 (rexións de antiga tradición industrial da cornisa cantábrica) e por contar na actualidade con menor inmigración.

B) MOVEMENTOS MIGRATORIOS (de 1990 ata a actualidade)

A dinámica da poboación non depende só da relación entre nacementos e defuncións (crecemento natural ou vexetativo) senón tamén da mobilidade da poboación ou saldo migratorio. As causas das migracións son diversas e as súas consecuencias, complexas.

Os movementos migratorios españois adoitan clasificarse en: **migracións transoceánicas históricas**, ata mediados do século XX, cuxo principal punto de destino foron diversos países de América Latina, **e migracións modernas**, desde finais da década de 1950, que presentaron unha dobre vertente: as migracións interiores campo-cidade e as migracións exteriores, cara aos países industriais de Europa occidental e central.

Dentro das migracións interiores debemos apuntar como se deu un cambio importante, pois pasouse dun dominio das migracións interprovinciais cara ós espazos cun maior desenvolvemento dentro do Estado, ás actuais nas que priman os movementos intraprovinciais vencellados á desconcentración residencial dende as áreas metropolitanas cara ás súas periferias.

Tras a entrada de España na Unión Europea e a superación da crise económica da primeira metade dos anos oitenta do século XX, o país comezou a converterse en destino dos fluxos **migratorios internacionais**. En 1985, España só contaba con 250.000 residentes estranxeiros, o que supoñía o 0,6% da poboación total. Na actualidade esta cifra supera os 5,2 millóns, representando o 11,3%. O desenvolvemento económico desta época transformou España dun país tradicionalmente emigrante a un país receptor de inmigración.

Esta inmigración pódese agrupar en 4 grandes conxuntos:

- **Persoas xubiladas** procedentes de Europa central e do norte. Son xente que se asenta definitivamente en España, sobre todo na costa mediterránea, atraída por un clima suave e un medio agradable rodeado de bos servizos. Este tipo de poboación que aumentou notablemente a comezos do século XXI, non atopa ningunha dificultade para instalarse no noso país.
- **Directivos de empresas multinacionais, traballadores de alto nivel profesional, xentes do mundo artístico e cultural.** Este grupo está formado por persoas que proceden na súa maioría da UE. Veñen a España por cuestións laborais ou porque atopan mellor calidade de vida. Neste colectivo inclúense altos cargos directivos, técnicos, deportistas, estudantes...
- **Refuxiados políticos.** Son persoas que por motivos políticos tiveron que fuxir do seu país. Tamén se inclúen neste grupo os que abandonaron o seu lugar de orixe por conflitos armados, violencia xeneralizada ou por razóns de seguridade persoal.
- **Inmigrantes procedentes de países pobres.** Este é o grupo máis numeroso da inmigración que chega a España na actualidade. Está formado principalmente por homes, mulleres e nenos procedentes de diversos países de África, América Latina, Leste de Europa e Asia, que veñen na procura de traballo e dunhas condicións de vida dignas.

A UE e España levan a cabo un proceso de regulación para controlar a entrada destes inmigrantes, que atopan moitas dificultades e limitacións para obter o permiso de inmigración e de traballo. Estas persoas poden entrar no país como turistas ou a través das mafias ou redes clandestinas de transporte de inmigrantes. Viaxan en pateras ou caiucos, ou agochados en camións co risco que iso implica para as súas vidas.

Ainda que, como vemos, os inmigrantes proveñen de moi diferentes países, certas nacionalidades están máis representadas en función da proximidade xeográfica e dos lazos históricos e culturais. Así, **a maior parte dos inmigrantes proceden agora de América Latina, norte de África e Europa.** Entre os primeiros destacan os ecuatorianos, colombianos, bolivianos e peruanos; entre os segundos predominan os marroquís; e entre os terceiros, os máis numerosos son agora os romaneses, seguidos de británicos, búlgaros, alemáns e italianos. Tamén existe un importante colectivo de chineses.

Non obstante, dende o 2010 a inmigración freouse como consecuencia da crise económica. A falta de emprego provocou que viñesen menos estranxeiros e que moitos inmigrantes regresaran aos seus países de orixe (retornos). Polo mesmo motivo, **aumentou a emigración dos españois**(sobre todo de persoas novas cualificadas) a outros países en busca de traballo. Como resultado, o saldo migratorio en España foi negativo en 2013(- 256.848 persoas) e responsable da perda de poboación no noso país. Malia isto, parece intuírse un novo cambio de tendencia, pois nos últimos datos disponibles(2017) marcan de novo un saldo migratorio positivo de algo máis de 50.000 persoas, aínda que entre os españois a emigración segue a dominar sobre os retornos(-13.000 persoas no primeiro semestre do 2017)